

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 17 DE NOVEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezasete de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de novembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

– Decreto 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 227, do 10 de novembro de 2020).

– Orde do 9 de novembro de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 227, do 10 de novembro de 2020).

- Resolución do 30 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se resolve a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo (.Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. Figura o Concello de Cambre, cun equipamento liña 3: tenda de campaña para emerxencias. (Diario Oficial de Galicia número 228, do 11 de novembro de 2020)

- Resolución do 9 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Saúde Pública, na que se determinan os territorios para os efectos da aplicación da obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoal procedente doutros territorios. (Diario Oficial de Galicia número 228, do 11 de novembro de 2020)

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde e do Plan de xestión de residuos correspondente á obra de “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple. Cambre”. Expediente: 2020/C002/000135

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C002/000135 para a contratación como contrato menor da obra de “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple. Cambre”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. segundo establece a Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos nº 1464/2020 de 2 de outubro (exp. 2020/C002/000170).

Visto o Plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria, Narón Servicios de Medio Ambiente S.L., e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, técnico designado por Gallega de Coordinacións S.L., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de novembro de 2020 e número 202099900003846.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria, Narón Servicios de Medio Ambiente S.L., con data 5 de novembro de 2020 e rexistro de entrada número 202099900003927.

Vistos os informes favorables emitidos con data 9 de novembro de 2020 polo arquitecto municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L. para a execución da obra denominada “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple. Cambre”. Expte 2020/C002/000135

Segundo: Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L. para a execución da obra denominada “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple. Cambre”. Expte 2020/C002/000135

Terceiro: Notificar este acordo á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L. e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. como coordinador da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 6 ao 11 de novembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1672/2020 e remata coa resolución da alcaldía número 1715/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1672/2020	06-11-2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de novembro de 2020
1673/2020	06-11-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: BJLF
1674/2020	06-11-2020	Denegar a axuda alimentación por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses. Solicitante: NMGS
1675/2020	06-11-2020	Denegar a axuda emexencia social alimentación por esgotar o periodo máximo de concesión. Solicitante: LRB
1676/2020	06-11-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar límite ingresos establecido na ordenanza. Solicitante: FDC O
1677/2020	06-11-2020	Conceder a tarxeta estacionamento discapacidade. Solicitante: CMV
1678/2020	06-11-2020	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: LCC
1679/2020	06-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a M.J.B.B. por un periodo máximo de 18 meses (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1680/2020	06-11-2020	Adxudicación contrato menor 5 kit rodas para scanners Brother ADS-2100 de rexistro
1681/2020	06-11-2020	Conceder a tarxeta para persoas con discapacidade. Solicitante: MLPC
1682/2020	09-11-2020	Conceder a tarxeta estacionamento discapacidade. Solicitante: MJV
1683/2020	09-11-2020	Corrección erro da Resolución nº 1496 de data 7/10/2020. Adxudicación C.M. mediante o sistema de "vale de pedido" a Isabel Martínez Gestal NIF: 46908015K
1684/2020	09-11-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 12 de novembro de 2020
1685/2020	09-11-2020	Aprobación modificación ratio monitor/a / alumno/a no Programa Mañanceiro no CEIP Plurilingüe Graxal
1686/2020	09-11-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade do día 12 de novembro de 2020
1687/2020	10-11-2020	Declaración de renuncia a construción dunha nave sen uso a situar na parcela -a- da rúa Isaac Peral - plg. industrial "Espíritu Santo". Solicitante: GTeE, S.L.
1688/2020	10-11-2020	Renuncia de general de terrenos y edificios, s.l. a construción de nave sita na parcela -b- da rúa Isaac Peral do poligono industrial "Espíritu Santo" - Cecebre. Solicitante: GTeE, S.L.
1689/2020	10-11-2020	Renuncia a construción dunha nave industrial sita na rúa Isaac Peral parcela -c- do poligono industrial "espíritu santo". Solicitante: GTeE, S.L.
1690/2020	10-11-2020	Aprobación xustificación convenio FWFF 2019
1691/2020	10-11-2020	Renuncia a construción da nave sita na rúa Isaac Peral parcela -d- do poligono industrial "Espíritu Santo". Solicitante: GTeE, S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1692/2020	10-11-2020	Renuncia a licenza de construción da nave industrial -e- sita na rúa Isaac Peral do poligono industrial "Espiritu Santo". Solicitante: GTeE, S.L.
1693/2020	10-11-2020	Renuncia a licenza de construción da nave industrial sita na parcela -f- da rúa Isaac Peral do poligono industrial "Espiritu Santo" Solicitante: GTeE, S.L..
1694/2020	10-11-2020	Renuncia a licenza para a construcion dunha nave industrial sita na parcela -g- da rúa Isaac Peral do poligono industrial "Espiritu Santo". Solicitante: GTeE, S.L.
1695/2020	10-11-2020	Renuncia a licenza para a nave sita na parcela -h- da rúa Isaac Peral do poligono industrial "Espiritu Santo". Solicitante: GTeE, S.L.
1696/2020	10-11-2020	Renuncia a construción da nave sita na parcela -i- da rúa Isaac Peral do poligono industrial Espiritu santo. Solicitante: GTeE, S.L.
1697/2020	10-11-2020	CM ALVARELLOS EDITORA_subv novidades editoriais conv extraordinaria
1698/2020	10-11-2020	CM a Hércules Ediciones para a compra de novidades editoriais subv
1699/2020	10-11-2020	CM a Editorial Hugin e Munin pola compra de novidades editoriais Conv. Estradord
1700/2020	10-11-2020	Contrato menor para a revisión/mantemento e limpeza de cubertas e canalóns das casas de xuventude municipais
1701/2020	11-11-2020	CM limpeza e actuacións complementarias na fachada do edificio municipal que alberga a escola de música Sementeira
1702/2020	11-11-2020	CM a Triqueta Verde, S.L.U. para a compra de novidades editoriais Subv. convocatoria extraordinaria
1703/2020	11-11-2020	CM a Editorial Bululú, S.L. para a compra de novidades editoriais CONV. EXTRAORD.
1704/2020	11-11-2020	CM Instalación dun lavamáns colectivo no CEIP municipal Wenceslao Fernández Flórez de Cambre
1705/2020	11-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 44.897,30 euros
1706/2020	11-11-2020	IRF Aprobación becas xaneiro, febreiro e marzo 2020 PRISMA
1707/2020	11-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 138.172,37 euros
1708/2020	11-11-2020	Levantamiento omisión de fiscalización (OFP 4/2020). Aprobación de convenios prácticas alumnos Plan AFD Curso "Soldadura electrodo e TIG"
1709/2020	12-11-2020	Delegación da presidencia efectiva das comisións infomativas extraordinarias do día 12 de novembro de 2020
1710/2020	12-11-2020	Autorización para ocupar un espazo público de 100 metros na praza 1º de maio. Solicitante: I
1711/2020	12-11-2020	Recurso de alzada concurso graduado social
1712/2020	12-11-2020	Concesión licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscricion de 941999925418988. Solicitante: JRGP
1713/2020	12-11-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 17 de novembro de 2020



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1714/2020	12-11-2020	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 85.838,49 euros.
1715/2020	12-11-2020	Compensación económica ás empresas colaboradoras na realización de prácticas profesionais do alumnado do plan afd 2019-2020. especialidade "soldadura con electrodo revestido e tig" (nº 1639)

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Xestión de residuos, presentado pola empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*”, adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”. Expediente: 2020/C003/000001
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C006/000008, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre,
- Proposta de adxudicación do contrato para a “Compra de chalecos antibala para a Policía Local”, á entidade Uniformidad y Suministros de Protección, S.L. no prezo ofertado de 12.330,00 € sen IVE, 14.919,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000081

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación do Plan de Xestión de residuos, presentado pola empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*”, adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”. Expediente: 2020/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/000001 para a contratación da obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”. Expediente: 2020/C003/000001.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de outubro de 2020 polo que se adxudicou a obra “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”, á empresa *Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*”, asinandose o contrato con data 13 de outubro de 2020.

Visto que de conformidade coa Resolución de alcaldía nº 1408/2020 de 25 de setembro de 2020, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000138, a dirección da obra corresponde a Don David Sarmiento Nogueira, colexiado número 2.833 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

Visto o informe favorable emitido polo director de obra, Don David Sarmiento Nogueira, para a aprobación do plan de xestión de residuos achegado pola empresa contratista da obra de referencia, con número de rexistro de entrada 20209900003937 de data 06 de novembro 2020.

Visto o informe favorable emitido con data 10 de novembro de 2020 polo responsable do contrato, o Arquitecto Municipal Don Jose Ramón Díaz Barbeito,

Á vista do establecido no artigo 18.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que serviron para a adxudicación da obra.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A*” para a execución da obra denominada “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (solo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”
Expte. 2020/C003/000001

Segundo: Notificar este acordo á empresa “*Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A.*”, e a don David Sarmiento Nogueira, director da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao Arquitecto Municipal, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C006/000008, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 16 de marzo de 2018, asinouse entre o Concello de Cambre e a entidade “Bilbao Compañía Anónima de Seguros e Reaseguros, S.A.” o contrato para a subscrición dunha póliza de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, cunha vixencia máxima ata o 31 de decembro de 2020.

Tendo en conta a vixencia da póliza subscrita, resulta necesario proceder á tramitación dun expediente contractual, motivado na necesidade de contar coa correspondente póliza que garanta os danos para todos os bens de calquera clase, natureza e descrición que por razón da actividade asegurada, atópanse situados dentro das instalacións do asegurado, nas súas proximidades para o servizo das mesmas ou noutros sobre os cales o asegurado teña título de propiedade ou outro interese asegurable, dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor.

Con data do 3 de novembro de 2020, o mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, emitiu informe xustificativo no que explica as condicións técnicas do proceso de licitación, incluído o valor das sumas aseguradas actualizadas, así como o orzamento de licitación proposto, na busca do obxectivo de manter un nivel de cobertura adecuado para o tipo de risco manexado, e buscar un equilibrio preciso entre ese nivel de aseguramento e as condicións de mercado actuais, co fin de non poñer en risco a concorrencia de ofertas ao proceso de licitación.

Con data do 10 de novembro de 2020, asínase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato.

Consta Informe de Intervención asinado o 10 de novembro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, no que, tendo en conta a tramitación anticipada do expediente, se indica que no orzamento prorrogado de 2021 vai existir crédito na aplicación orzamentaria 920.22400, quedando condicionada a adxudicación e formalización do contrato á existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento das obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

Con data do 11 de novembro de 2020, asinouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de prescricións técnicas para a contratación da citada póliza, con efectos desde o 01.03.2021 e un importe de prima anual máximo de 34.342,34 euros.

Con mesma data do 11 de novembro de 2020 asínase pola técnica de xestión de Admón. xeral municipal adscrita a Patrimonio, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento, cun valor estimado total de **116.329,72** euros e un orzamento base de licitación de 34.342,34 euros.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de novembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido nos artigos 156 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido con data 12 de novembro de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral da Corporación e que contén a proposta de acordo a adoptar, e visto o informe de fiscalización nº 371/2020, emitido polo interventor municipal, con data 14 de novembro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), e patrimonial (Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas), polo que cómpre contar coas correspondentes pólizas de seguro que garanten, entre outros, os danos que se causen nos bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, conforme á regulación establecida no dereito privado e á responsabilidade patrimonial da Administración Pública, para o que resulta preciso contar cun seguro de danos que dea cobertura ao patrimonio municipal, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto no artigo 28 da LCSP.

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na contratación dunha póliza de seguros que, con efectos desde as 00:00 horas do día 1 de marzo de 2021, garanta os danos para todos os bens de calquera clase, natureza e descrición que por razón da actividade asegurada, atópanse situados dentro das instalacións do asegurado, nas súas proximidades para o servizo das mesmas ou noutros sobre os cales o asegurado teña título de propiedade ou outro interese asegurable.

Con esto queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C006/000008, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, cun valor estimado total de 116.329,72 euros e un orzamento base de licitación de 34.342,34 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 156 e concordantes da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2021, tendo en conta que a efectividade da póliza que se vai contratar comezará o día 1 de marzo de 2021. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que *"Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente"*, tanto a adxudicación do presente contrato, como as súas posibles prórrogas, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito no exercicio orzamentario correspondente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de

membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior don Emilio Martínez Cubero, e como suplente, o xefe da Unidade de Réxime Interior municipal

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación do contrato para a “Compra de chalecos antibala para a Policía Local”, á entidade Uniformidad y Suministros de Protección, S.L. no prezo ofertado de 12.330,00 € sen IVE, 14.919,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000081

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 13/07/2020 elaborouse por don José Antonio Barcala Rey, inspector da Policía Local, memoria técnica descritiva para a compra de chalecos antibala para a Policía Local de Cambre, en concreto 18 chalecos antibala, dous deles para axentes femininas, cun orzamento de 12.330,00 euros sen IVE, 14.919,3 € IVE incluído.

Con data 14/07/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo inspector da Policía Local, a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de dotar á policía local dos medios necesarios para desenvolver as súas funcións, tendo en conta que se trata dun servizo esencial. O Decreto

60/2010 de 8 de abril polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos, establece que o Concello, do que dependa o persoal dos Corpos de policía local, dotará a estes da uniformidade correspondente para a mellor prestación do servizo, estando obrigado a proceder á renovación da uniformidade cando, polo estado ou características da prenda, sexa conveniente ou necesario. No seu Título IV especificanse os medios técnicos, individuais e colectivos, que o persoal da policía local utiliza para cumprir coas súas funcións e obrigas. Ademais, o Ministerio do Interior segue mantendo o nivel de alerta antiterrorista no nivel 4, é dicir risco alto. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 21/08/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 132 62300, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 30/10/2020 emítese informe polo oficial- xefe en funcións da Policía Local, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- UNIFORMIDAD YSUMINISTROS DE PROTECCIÓN, SL
- EQUIPAMIENTO INSTITUCIONAL, S.A.U. (EKINSA)
- ADC TIEMPO LIBRE SL (ARMERÍA DEL CARMEN)

e que presentou oferta unicamente a seguinte empresa:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
UNIFORMIDAD YSUMINISTROS DE PROTECCIÓN, SL	12.330,00 €	14.919,30 €

formulando proposta de adxudicación do contrato para a “Compra de chalecos antibala para a Policía Local”, á empresa UNIFORMIDAD YSUMINISTROS DE PROTECCIÓN, SL con NIF B829****, domicilio en Guzmán el Bueno 74 - 28015 Madrid, no prezo ofertado de 12.330,00 € sen IVE, 14.919,30 € IVE incluído, por ser a única empresa que presentou oferta, co compromiso de cumprir cos requisitos establecidos na memoria técnica descritiva da subministración.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 10 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 372/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 15 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de policía local, contempladas no artigo 25.2.f) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada polo inspector da Policía Local para a compra de chalecos antibala para a Policía Local de Cambre, cun orzamento de 12.330,00 euros sen IVE, 14.919,3 € IVE incluído.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 132 62300.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000081, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a "Compra de chalecos antibala para a Policía Local", á empresa UNIFORMIDAD YSUMINISTROS DE PROTECCIÓN, SL con NIF B829*****, domicilio en Guzmán el Bueno 74 - 28015 Madrid, no prezo ofertado de 12.330,00 € sen IVE, 14.919,30 € IVE incluído, por ser a única empresa que presentou oferta, co compromiso de cumprir cos requisitos establecidos na memoria técnica descritiva da subministración.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Desígnase responsable municipal do contrato ao oficial- xefe en funcións da Policía Local, don José Francisco Rodríguez Rey, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a don José Francisco Rodríguez Rey, oficial- xefe en funcións da Policía Local, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia